

A prosa do 1.º terço do séc. XX

1 A narrativa

Na narrativa galega, entre 1900 e 1936, conviven catro grupos distintos: o dos narradores que continúan os modelos de finais do século XIX, os narradores das Irmandades, os do Grupo Nós e os novecentistas.

Foi neste primeiro terço do século XX, especialmente entre 1916 e 1936, cando naceu e se consolidou a narrativa contemporánea en lingua galega. Este feito foi posible grazas á aparición dun espazo político e cultural de carácter galeguista, impulsado polas Irmandades da Fala, e á creación de infraestruturas editoriais que favoreceron o acceso ao libro escrito en galego dun importante número de lectores.


Narrativa do 1.º terço do século XX	
Os continuadores do século XIX	Francisca Herrera Garrido, Manuel García Barros, Gonzalo López Abente e Florencio Vaamonde Lores
Os narradores das Irmandades	Xosé Lesta Meis, Leandro Carré Alvarellos, Xaime Quintanilla e Armando Cotarelo Valledor
O Grupo Nós	Vicente Risco, Otero Pedrayo e Castelao
Os novecentistas	Rafael Dieste, Fermín Bouza Brey, Luís Amado Carballo, Xosé Filgueira Valverde e Álvaro de las Casas

2 Os continuadores do século XIX

A pesar da diferenza xeracional e de non compartiren as mesmas liñas estéticas e ideolóxicas, algúns dos escritores que seguían os modelos narrativos de finais do século XIX aproveitaron as infraestruturas editoriais creadas polas Irmandades e outros sectores do galeguismo para daren a coñecer a súa obra.

Os narradores máis representativos deste grupo son Francisca Herrera Garrido, Manuel García Barros, Gonzalo López Abente e Florencio Vaamonde Lores.

- **Francisca Herrera Garrido** (1869-1950) foi a primeira muller elixida membro da Real Academia Galega, pero non chegou a tomar posesión. No seu tempo foi unha escritora case que descoñecida por mor da súa desvinculación dos movementos galeguistas. Na súa narrativa destacan estes tres elementos: a submisión feminina, a idealización do mundo rural e a defensa do papel maternal da muller. Publicou tres obras narrativas: *Néveda* (1920), *A ialma de Mingos* (1922) e *Martes de antroido* (1925), escritas nun galego bastante depurado e rico, aínda que con certos calcos morfosintácticos do castelán e algunhas doses de artificiosidade.



No número 15 da Rúa do Vilar en Santiago tivo a «editorial Nós» Anxel Casal. Nela imprimíronse a revista *Nós*, o xornal *A Nosa Terra* e os principais libros en galego da época.

- **Manuel García Barros** (1876-1972), que usou o pseudónimo *Ken Keirades*, destaca na narrativa galega pola obra publicada postumamente, *Aventuras de Alberte Quiñoi* (1972), unhas memorias de infancia e adolescencia, escritas en terceira persoa, nas que recrea estampas e vivencias da vida rural do derradeiro terço do séc. XIX. Antes do estalido da Guerra Civil publicara o libro *Contiños da terra* (1931), composto por unha serie de relatos de carácter cómico dirixidos a un público de extracción popular.
- **Gonzalo López Abente** (1878-1963) cultivou a poesía e a narrativa. Nesta deixou novelas curtas, polo xeral de ambiente mariñeiro: *O deputado por Beiramar* (1919), *O escándalo* (1920), *O novo xuez* (1922), *Buserana* (1926) e *Fuxidos* (1926).
- **Florencio Vaamonde Lores** (1860-1925) publicou ao final da súa vida dúas narracións curtas, *Bestas bravas* (1923) e *Anxélica* (1925), ambientadas no mundo rural decimonónico, pero sen ningún tipo de idealismo romántico.

3 Os narradores das Irmandades

Son coetáneos dos compoñentes do Grupo Nós e profesaron os mesmos ideais galeguistas, pero tiveron outras motivacións literarias que os levaron a escribir narrativa. En xeral, salvo Lesta Meis, preferiron a poesía, sen alcanzar unha gran calidade, e, sobre todo, o teatro. Os autores máis representativos da prosa das Irmandades son Xosé Lesta Meis, Leandro Carré Alvarellos, Xaime Quintanilla e Armando Cotarelo Valledor.

- **Xosé Lesta Meis** (1887- 1930) é autor de tres obras narrativas: *Manecho o da Rúa* (1926), *Estebo* (1927) e *Abellas de ouro* (1928). De formación autodidacta, na súa narrativa reflectiu a súa experiencia vital, especialmente a de emigrante en Cuba. A súa prosa ten un léxico rico e unha sintaxe pouco complicada, sen abusar das frases subordinadas nin dos parágrafos longos, polo que resulta de doada lectura.

Manecho o da Rúa é unha novela breve que conta a vida dun emigrante na Habana, que volve a Galicia para morrer. En *Estebo* trata o mesmo tema da emigración en Cuba, con escenas exóticas que recrean o duro traballo nas plantacións de cana azucreira. *Abellas de ouro*, máis ca unha novela é un conxunto de trece descrições de arquetipos femininos rurais. Con este libro fai unha homenaxe ás mulleres galegas, personificadas nas da súa aldea.

- **Leandro Carré Alvarellos** (1885-1967) cultivou a narrativa e o teatro. Vinculado desde a súa creación ás Irmandades da Fala, en 1924 fundou a editorial Lar, na que publicaron os máis importantes escritores da época, como Risco, Otero Pedrayo, Lesta Meis, Cotarelo, etc. Escribiu as seguintes obras narrativas: *Contos e diálogos* (1918), *Naiciña* (1925), *A propia vida* (1925), *O home que deu vida a un morto* (1926), *O xornal de Mavi* (1927) e *Nos picoutos de Antón* (1955).
- **Xaime Quintanilla** (1898-1936) fundou en Ferrol a colección literaria Céltiga, na que se publicaron algúns títulos de relevancia, como a primeira obra narrativa de Castelao, *Un ollo de vidro* (1922). O libro que abriu o catálogo desta empresa foi a novela curta do propio Quintanilla, *Saudade* (1922).
- **Armando Cotarelo Valledor** (1879-1950), aínda que destacou como dramaturgo, tamén cultivou a narrativa. Publicou unha colección de contos populares co título de *Contos de Nadal* (1926).

4 O Grupo Nós

O **Grupo Nós** marcou un fito senlleiro na historia da cultura galega entre 1920 e 1936. O nome do grupo vén dado polo título da revista que empezaron a publicar en 1920. Os escritores que constitúen o grupo son Vicente Risco, Ramón Otero Pedrayo e Florentino López Cuevillas. A eles cómpre engadir a Antón Losada Diéguez e Alfonso Rodríguez Castelao, non por identidade de traxectoria senón por relación persoal cos tres devanditos e pola colaboración na revista *Nós*.

As orixes do grupo están no «Cenáculo ourensán», formado por Risco, Otero Pedrayo, Arturo Noguero e Primitivo Rodríguez Sanjurjo. Fillos de familias acomodadas de Ourense, rexeitan o modelo de sociedade en que viven e adoptan unha postura elitista e de aristocraticismo intelectual. Son inadapados, individualistas e amantes das ciencias ocultas e das relixións e culturas orientais.

En 1918, influenciados por Losada Diéguez, adhírense ao ideario galeguista das Irmandades da Fala e, desde entón, Galicia pasou a ser o núcleo do seu quefacer intelectual e político. Esta evolución foi explicada en clave de autorretrato xeracional por López Cuevillas no artigo «Dos nosos tempos» (1920), por Otero Pedrayo

na novela *Arredor de si* (1930) e por Risco no ensaio «Nós, os inadapados» (1933).

Algunhas das **características comúns** que definen o grupo son as seguintes:

- todos eles son de procedencia social acomodada;
- posúen unha rigorosa formación intelectual;
- experimentan a mesma evolución ideolóxica;
- na súa ideoloxía sintetizan o tradicionalismo e o pensamento progresista e liberal;
- teñen unha clara vocación pedagóxica, pois cos seus escritos tentan modificar o pensamento e as actitudes da sociedade galega;
- foron os creadores da prosa galega contemporánea e os primeiros prosistas de estilo persoal inconfundible.

4.1 Vicente Risco

Vicente Martínez-Risco Agüero naceu en Ourense en 1884, no seo dunha familia acomodada de ideoloxía liberal. Foi home de ampla e rigorosa formación intelectual, que se interesou tanto polas novidades estéticas do seu tempo (en especial polas vangardas, que deu a coñecer en Galicia) como polas culturas alleas, sobre todo as relixións orientais.



En 1917 dirixiu a revista literaria *La Centuria*, na que colaboran os restantes membros do grupo ourensán. Un ano despois, influído por Losada Diéguez, incorporouse ás Irmandades da Fala, e en 1920 dirixiu tamén a revista *Nós*. Entre 1920 e 1930 elaborou unha sólida obra narrativa e converteuse nun dos principais teorizadores do nacionalismo galego. A partir de 1930 a súa ideoloxía fíxose moito máis conservadora.

Tras a Guerra Civil abandonou o galeguismo e adheriuse ao bando franquista. Morreu en Ourense, en 1963.

Obra narrativa

A obra literaria de Risco abrangue diferentes xéneros: narrativa, ensaio e teatro, alén dos seus traballos como investigador, como crítico literario e como poeta ocasional. Como narrador deixounos sete relatos breves: *Do caso que lle aconteceu ao doutor Alveiros* (1919), *A velliña vella* (1925), *O lobo da xente* (1925), *A trabe de ouro e a trabe de alquitrán* (1925), *A Coutada* (1926), *Os europeos en Abrantes* (1927) e *Dedalus en Compostela* (1928), e máis unha novela longa, *O porco de pé* (1928).

A narrativa de Risco é fundamentalmente didáctica e posúe unha gran carga ideolóxica. En Risco, coma en Otero Pedrayo, non sempre quedan ben definidas as fronteiras entre a narrativa e o ensaio, de xeito que, en ocasións, os relatos reflicten as inquietudes do teórico político e os ensaios suxiren bosquejos de ficcións narrativas.

- *Do caso que lle aconteceu ao doutor Alveiros* foi a súa primeira achega literaria. É un relato humorístico que ten como escenario o mundo de ultratumba. Nel amósase o interese de Risco polo esoterismo e o ocultismo. No seu tempo significou unha importante novidade no panorama da narrativa galega por romper cos temas enxebristas da tradición folclórica.
- *O lobo da xente* e *A trabe de ouro e a trabe de alquitrán* son dúas narracións breves, a primeira inspirada na tradición popular do lobishome e a segunda no mundo dos celtas e dos mouros.
- *O porco de pé* é unha novela de carácter satírico e burlesco. O seu protagonista é don Celidonio, un home vulgar e inculto, que «ascendeu de porco a marrán e chegou a ser alcalde», para acabar sendo consagrado como heroe da súa cidade. A través deste personaxe, Risco satiriza unha clase burguesa que só vive pendente do diñeiro; tamén se burla dos intelectuais acomodados, como o doutor Alveiros, que acaban cedendo ante a presión das aparencias e da riqueza. A hipérbole, o sarcasmo e a ironía, seguidos moitas veces por medio de enumeracións acumulativas, están moi presentes ao longo de toda a novela. Repárese na enumeración de viandas e bebidas ofrecidas nun mitin político do fillo do Conde:

[...] houbo emparedados, xamón en doce, flan, testa de porco bravo, biscoitos de Monforte, tortas de Allariz, roscón de Trives, bica amanteigada do Castro Caldelas, encomendas de Baiona, boleardos de Tui [...], xerez, moscatel, tostado do Ribeiro, Porto, Madeira, champán, coñac, ron, chartreux, beneditino, curaçao, kumel, María Brizard, cherry brandy, ponche ruso, xenebra, oxén, marrasquino, tira para diante, vodka, licor café, kumis, saké, café, té, mate, chocolate e habanos...

4.2 Otero Pedrayo

Ramón Otero Pedrayo naceu en Ourense en 1888. A súa infancia transcorreu no pazo familiar de Trasalba, preto de Ourense. Alí entrou en contacto coa paisaxe, coa vida aldeá e cos ritos señoriais da pequena nobreza.

Cursou os estudos de bacharelato na súa cidade natal e despois iniciou a carreira de Filosofía e Letras na Universidade de Santiago, que rematou na de Madrid, xunto coa de Dereito.

De volta en Ourense, formou parte do grupo dos «inadaptados» e participou nos seus parladoiros e iniciativas culturais. Igual ca os seus compañeiros adheriuse ao ideario das Irmandades e empezou a colaborar nas revistas *A Nosa Terra* e *Nós*. En 1919 obtivo a cátedra de Xeografía e Historia que desempeñou primeiro no Instituto de Santander e despois no de Ourense, ata que en 1939 foi apartado dela por sanción do réxime franquista.

En 1950 obtivo, por unanimidade do tribunal, a cátedra de Xeografía da Universidade de Santiago. Alí intégrase de cheo na vida cultural promovida polas novas xeracións de estudantes. Unha vez xubilado, en 1958, retirouse á súa casa de Trasalba, onde continuou escribindo ata pouco antes da súa morte, o 10 de abril de 1976.

Home de sólida e ampla formación cultural, o coñecemento directo da vida campesiña e da fidalguía rural e mais o compromiso co galeguismo son os alicerces en que se basea o seu mundo literario.

Obra narrativa

Otero Pedrayo é un exemplo de escritor integral que cultivou, con maior ou menor acerto, case todos os xéneros literarios, pero como maior renome conseguiu foi como narrador. A súa produción narrativa en galego compónena sete novelas, catro relatos curtos e dous libros de contos. Atendendo a criterios temáticos e aos ambientes históricos recreados, podemos clasificar a súa obra narrativa nos seguintes apartados:

- **Novelas histórico-culturalistas:** *A romeiría de Xelmírez* (1934) e *Fra Verner* (1934).
- **Novelas e libros de contos histórico-realistas:** *Pantelas, home libre* (1935), *O purgatorio de don Ramiro* (1926), *Os camiños da vida* (1928), *Contos do camiño e da rúa* (1932), *O mesón dos ermos* (1936), *Entre a vendima e a castañeira* (1957) e *O señorito da Reboraina* (1960).



Casa patrucial de Otero Pedrayo, en Trasalba.

- **Novelas psicolóxicas:** *Escrito na néboa* (1927), *Vidas non paralelas* (1930), *Arredor de si* (1930) e *Devalar* (1935).

Entre as novelas destacan as seguintes:

- *Os camiños da vida* describe a decadencia de dúas familias nobres do século XIX, que simbolizan o traspaso do poder da fidalguía rural á nacente burguesía urbana, e con iso a desaparición da sociedade rural tradicional galega, dominada polos fidalgos e polo clero.
- *Arredor de si* é o retrato da súa propia xeración. A través do protagonista, Adrián Solovio, que é un trasunto do propio Otero, nármanos o proceso de concienciación galeguista experimentado por el e polos seus compañeiros de grupo.

4.3 Castelao

Alfonso Daniel Rodríguez Castelao naceu en Rianxo en 1886 nunha familia de mariñeiros. Para mellorar de vida, seu pai emigrou á Arxentina cando o seu fillo aínda non fixera un ano. En 1895, reclamados polo pai, nai e fillo marcharon vivir con el á pequena localidade de Bernasconi, na Pampa. En 1900, xa lograda unha boa situación económica, a familia decide retornar a Rianxo. Por indicación de seu pai cursou os estudos de Medicina, aínda que apenas exerceu de médico.

En 1912 adheriuse ao movemento agrarista. En 1914 abandonou a medicina e dedicouse por enteiro á creación artística. Pero, como a arte non lle daba para vivir, opositou a funcionario do Instituto Xeográfico e Estatístico de Pontevedra, e obtivo praza en Pontevedra, onde residiu deica 1936.

A partir de 1920 asumiu a dirección artística da revista *Nós* e en 1922 iniciou a publicación da súa obra narrativa con *Un ollo de vidro*. Durante a Segunda República participou activamente na vida política e foi deputado nas Cortes polo Partido Galeguista.

Despois da Guerra Civil tivo que exiliarse a Buenos Aires, onde continuou a súa actividade cultural e política a prol de Galicia e en contra do franquismo. Morreu en Buenos Aires en 1950.

Obra narrativa

A produción narrativa de Castelao comprende os seguintes títulos: *Un ollo de vidro* (1922), *Cousas* (1926), *Retrincos* (1934) e *Os dous de sempre* (1934).

- *Un ollo de vidro. Memorias dun esqueleto* é unha historia fantástica de carácter crítico e humorístico onde un esqueleto narra as súas vivencias no mundo de ultratumba.
- *Cousas* está formado por un conxunto de 45 narracións líricas, todas elas (menos unha) acompañadas dunha ilustración que apoia o contido. Están inspi-



Escultura de Castelao na Praza do Humor da Coruña.

radas en dramas humanos das clases populares galegas: a emigración, a miseria dos labregos, as traxedias do mar, a soidade dos vellos, etc.

A *cousa* é a fórmula que mellor se axusta ao xeito de escribir de Castelao: precisión, humor, tenrura, compromiso cos máis débiles e proxección sentimental.

- *Retrincos* é un conxunto de cinco relatos de carácter autobiográfico nos que evoca vivencias da súa nenez e mocidade. Son historias cheas de afectividade, de nostalgia e de realismo.
- *Os dous de sempre* é a súa única novela. Estruturada arredor de dous personaxes, Pedriño e Rañolas, presenta dous modos opostos de se enfrontar á vida: a dos conformistas e a dos idealistas, a perspectiva da ra e a do paxaro que figuraban na primeira portada da novela.

Os temas que definen a narrativa de Castelao son o humanismo e o compromiso cos máis débiles, a crítica da marxinação económica de Galicia, o protagonismo das clases populares e a defensa da lingua galega.

5 Os novecentistas

Forman este grupo os escritores que naceron a comezos do século XX. Constitúen a xeración seguinte á das Irmandades da Fala e do Grupo Nós, e realizaron un importante labor de renovación nas letras galegas. Promoveron a creación do Seminario de Estudos Galegos (1923) e tiveron un papel decisivo na fundación do Partido Galeguista (1931). Por influencia das vangardas, a maioría deles orientou o seu quefacer literario cara á poesía, aínda que algúns tamén deixaron unha importante obra narrativa. Despois da guerra algúns abandonaron o cultivo do galego e apoiaron o réxime franquista. O narrador máis destacado do grupo foi Rafael Dieste, pero convén lembrar outros como Bouza-Brey, Amado Carballo, Filgueira Valverde e Álvaro de las Casas.

5.1 Rafael Dieste

Rafael Dieste González naceu en Rianxo, en 1899. Con dezaseis anos emigrou a México, pero ao pouco tempo volveu a Galicia. En Vigo contactou co ambiente cultural galeguista, completou os estudos e comezou a colaborar en distintas revistas e xornais. Entre 1929 e 1933 levou a cabo un intenso labor de difusión do teatro, por vilas e aldeas, a través do Teatro Guíñol das Misións Pedagóxicas, para o que escribiu e incluso improvisou algunhas farsas. Durante a Guerra Civil participou na organización da alianza de escritores antifascistas e dirixiu o boletín de escritores galegos, *Nova Galiza*.

Ao acabar a guerra, tivo que exiliarse a Buenos Aires, onde dirixiu a editorial Atlántica. Máis tarde foi lector de español na universidade de Cambridge e profesor no Instituto Tecnolóxico de Monterrey, en México. En 1961 regresou a Galicia e finou en Rianxo, en 1981.

Obra narrativa

Dieste cultivou materias tan dispares como as matemáticas, a pintura, a filosofía, a lingüística e a literatura.

A súa produción narrativa en galego redúcese a un só libro de relatos, *Dos arquivos do trasno* (1926). No prólogo expón a súa teoría do conto, que se limita a dous puntos esenciais: a unidade emotiva, que se logrará intensificando a presenza do que vai acontecer, e o final, que pode ter ou non ter relación co que a acción narrativa parecería esixir. As características que definen a técnica narrativa de Dieste son a brevidade dos relatos, a intensidade (mínima presenza de personaxes, máxima precisión lingüística e atinado manexo do ritmo expositivo) e a mestura do popular e do culto. Da técnica do relato oral popular emprega algúns recursos como as apelacións ao auditorio, a autoxustificación do narrador, as referencias de espazo e tempo pouco precisas, as digresións e as historias encaixadas dentro da historia ou argumento principal.

De raíz culta é a descrición con trazos impresionistas, unha rica e medida adxectivación, a ruptura do plano temporal, a disposición fragmentaria do material narrativo, os comezos *in media res* e a tendencia a finais abertos.

Desde o punto de vista temático, ao lado de argumentos collidos da realidade máis próxima, como poden ser anécdotas do seu Rianxo natal, elixe tamén motivos emparentados co sobrenatural ou co marabilloso.

5.2 Outros narradores novecentistas

- **Fermín Bouza Brey** (1901-1973) publicou, na súa mocidade, unha narración breve, *Cabalgadas en Salnés* (1925), que recrea, nun ambiente paxego, as disputas entre os fidalgos e os bandoleiros que arrasaban as Rías Baixas en tempos pasados.



Os persoeiros do Grupo Nós cultivaron o ensaio na nosa lingua.

- **Luís Amado Carballo** (1901-1927), ademais de ser a voz máis representativa do hiloísmo poético, deixounos dúas narracións curtas, *Maliaxe* (1922) e *Os pobres de Deus* (1925), na que mestura idealismo e realismo, que nos fan lembrar a influencia de Valle Inclán.
- **Xosé Filgueira Valverde** (1906-1997), vinculado desde a súa época de estudante universitario co Seminario de Estudos Galegos, a súa contribución á narrativa en lingua galega son dúas narracións breves de mocidade, *Os nenos* (1925) e *O vigairo* (1927).
- **Álvaro de las Casas** (1901-1950) cultivou a narrativa, o teatro e a poesía. Como narrador escribiu *O xardín do castelo de Vidre* (1926), *Ladaña* (1927) e *Xornadas de Bastián Albor* (1931).

6 O ensaio

Un dos obxectivos das Irmandades da Fala foi a creación de medios e de canles de difusión para desenvolver os xéneros literarios (narrativa, teatro, ensaio) que aínda non conseguiran un espazo equivalente ao que tivera a poesía no período do Rexurdimento.

O ensaio en lingua galega nace e consolídase no primeiro terzo do século XX coa aparición das Irmandades e o Grupo Nós. As primeiras obras do ensaio en galego son de contido eminentemente político e cultural. As canles de difusión do pensamento galeguista foron os medios da prensa escrita, en especial *A Nosa Terra* e a revista *Nós*, sen esquecer as páxinas doutras publicacións como *O Tio Marcos da Portela*, en Ourense, e os xornais vigueses *Galicia* e *El Pueblo Gallego*.

Neles publicaron os seus artigos **Antón Villar Ponte** (1881-1936), representante da transición entre o rexionalismo e o nacionalismo, **Xohán Vicente Viqueira** (1886-1924), **Lois Peña Novo** (1893-1967), **Xaime Quintanilla** (1898-1936), **Antón Losada Diéguez** (1884-1929), **Xoán Xesús González** (1895-1936), **Víctor Casas** (1900-1936) e **Valentín Paz Andrade** (1899-1987), entre outros.

6.1 Os ensaístas do Grupo Nós

Destacan como ensaístas Risco, Otero, Castelao e Cuevillas.

- O ensaio foi o xénero que máis cultivou **Vicente Risco**. Alén dos múltiples artigos sobre os máis variados temas relacionados con Galicia e a súa cultura, as obras que recollen o seu pensamento son *Teoría do nacionalismo galego* (1920) e *Mitteleuropa* (1934). Especial interese ten o seu artigo «Nós, os inadapados» para coñecer a evolución ideolóxica do grupo.
- Xunto coa narrativa, o ensaio é o núcleo fundamental da produción literaria de **Otero Pedrayo**, no que amosa toda a súa erudición e os seus múltiples saberes. Cultivou diferentes temas como:
 - **ensaio xeográfico**, que deixou plasmado en numerosos manuais de xeografía e guías de Galicia;
 - os **libros de viaxes**, nos que relata experiencias vividas como a romaxe a Santo André de Teixido, *Pelerinaxes* (1929) e a súa primeira viaxe á Arxentina, *Por os vieiros da saudade* (1952);
 - a **evocación biográfica**, plasmada no *Libro dos amigos* (1953), no que lembra algúns personaxes da cultura e da política galegas e outros que deixaron fonda pegada na súa vida.
- A obra máis representativa do ensaio de **Castelao** é *Sempre en Galiza* (1944), onde recolle a súa teoría política elaborada ao longo de varios anos. Nesta obra, na que Castelao condensa o seu ideario nacionalista, Galicia aparece definida coas características propias dunha nación: idioma propio, territorio diferenciado, economía específica e tradición cultural autóctona. Outros títulos destacados son *As cruces de pedra na Bretaña* (1930), *As cruces de pedra na Galiza* (1950) e *Diario* (1921).
- En contraste co labor creador de Risco e de Otero, **Florentino López Cuevillas** destacou polos seus traballos de investigación, aínda que tamén cultivou a prosa e o ensaio literario. Ademais do pequeno ensaio «Dos nosos tempos», onde describe a evolución intelectual dos compañeiros do Cenáculo Ourenseño, publicou numerosos traballos sobre a prehistoria de Galicia.

7 O xornalismo

A prensa galega no tránsito do séc. XIX ao séc. XX aínda mantén inercias do pasado, ao tempo que apunta aspectos renovadores, coa aparición da prensa ilustrada e das revistas gráficas, o impulso da prensa local e comarcal e o nacemento de publicacións de carácter cultural e literario. Este crecemento da prensa escrita relaciónase con varios factores, como son o aumento da poboación urbana, a implantación do sufraxio universal masculino (1890), a dinamización política, o desenvolvemento

industrial e das comunicacións, e as innovacións técnicas no mundo da impresión.

Alén da vitalidade da prensa local e comarcal, e da prensa gráfica e das revistas ilustradas, a prensa de carácter cultural e literaria desempeñou un papel fundamental na difusión e consolidación do galeguismo. Os políticos e intelectuais galeguistas eran conscientes da importancia da prensa para espallar o seu pensamento e por iso se afanaron en crear cabeceiras de orientación política, como *A Nosa Terra*, ou de perfil cultural, como *Nós* e as distintas revistas de orientación vangardista.

- *A Nosa Terra* foi, entre 1916 e 1936, o principal portavoz das Irmandades da Fala e do Partido Galeguista. Escrita integramente en galego, nela colaborou a maioría dos intelectuais galeguistas da época. Estaba dirixida á pequena burguesía ilustrada e, aínda que era un medio de propaganda política, non descoinou o aspecto literario ao incluír nas súas páxinas ensaios de crítica literaria, poemas, relatos curtos e obras completas de formato mediano.
- A revista *Nós* foi a empresa cultural máis ambiciosa da época. Recollendo a experiencia de *La Centuria*, saíu á luz en Ourense, o 30 de outubro de 1920, tendo como director a Vicente Risco e a Castelao como asesor artístico. De periodicidade mensual, foi a peza fundacional do nacionalismo galego e o instrumento máis axeitado para a construción das bases identitarias de Galicia. Escrita tamén integramente en galego, foi a gran plataforma onde se deron a coñecer os máis importantes escritores da época. *Nós* marcou así mesmo a apertura de Galicia ás distintas literaturas europeas e á renovación artística do primeiro terzo do século XX.
- Entre as **revistas culturais de vangarda** en Galicia, as máis importantes foron *Alborada* (Pontevedra, 1922), *Alfar* (A Coruña, 1923), *Ronsel* (Lugo, 1924), *Gaceta de Galicia* (Vigo, 1929), *Galiza* (Mondoñedo, 1930), *Cristal* (Pontevedra, 1932), *Yunque* (Lugo, 1932), *Resol* (Santiago, 1932) e *Papel de color* (Mondoñedo, 1932).

